



**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 4 DE ABRIL DE 2013**

- ALCALDE-PRESIDENTE:** D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
- CONCELLEIROS:** D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA
D^a. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ
D. JOSE RODRÍGUEZ TRIGO
D^a. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ
D^a MARÍA JESÚS GARBIN DOMÍNGUEZ
D^a. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS
D. RAUL COSTAS LAFUENTE
D. ANTONIO GARRIDO POUSA
D. POLICARPO VILAR MISA
- D^a MARÍA ISABEL DOMÍNGUEZ QUINTAS
D. ARTURO PEREIRA PEQUEÑO
D. MANUEL BARREIRO RODRÍGUEZ
- D^a. ANA MARÍA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
D. IAGO PEREIRA MOREDA
- D. ANTONIO AMORÍN MARTÍNEZ
- NON ASISTIU:** D^a NATALIA VANESA VARGAS GONZÁLEZ
- SECRETARIA MUNICIPAL:** D^a. SUSANA GALLARDO FARIÑA
- INTERVENTORA MUNICIPAL:** D^a. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS

Na Casa Consistorial de Baiona, a catro de abril de dous mil trece, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión; pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACION DE ACTAS ANTERIORES.

Acta da sesión ordinaria do Pleno de data 6 de febreiro de 2013.
Acta da sesión extraordinaria do Pleno de data 25 de febreiro de 2013.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer ás devanditas actas.

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- En relación al acta del Pleno del 6 de febrero faltan intervenciones completas de esta portavoz del partido socialista. Nos ha manifestado la funcionaria que por problemas de la grabación. No es la primera vez que faltan ó se corrigen algunas intervenciones mías, ó por parte del Alcalde; que desaparezcan íntegramente ya me parece algo escandaloso, y además que no se interrumpa ó no se ponga mención en el acta a que es por problemas de grabación que desaparece una intervención entera sobre el Plan General me parece que es, desde luego, inadmisibile, con lo cual pido que se subsane ese



error; que se aporte si hace falta la grabación para comprobar que efectivamente no se oye la intervención de esta portavoz, y si no votaremos en contra de esta acta.

SR.ALCALDE.- Sra. Secretaría, ¿podría explicar, por favor, que ha ocurrido?.

SRA.SECRETARIA.- Tal y como se manifestó hubo un problema técnico que no recogió las intervenciones, y no hay ningún problema en facilitar las grabaciones; pueden venir a la Secretaría a escucharlas y se hará constar que esas intervenciones no constan en el acta por problemas técnicos. Propongo la modificación del acta en ese sentido.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- A mín pasoume exactamente o mesmo que á portavoz do PSOE, pero a miña primeira intervención a teño totalmente escrita, teño 5 folios escritos a bolígrafo, e soamente está reflexado en acta un folio e unha carilla. Eu teño aquí a miña primeira intervención. Lóxicamente a segunda intervención non a teño escrita, e non está. Me gustaría que se por problemas técnicos non se fixo ben a transcripción do Pleno, solicito que a primeira parte da miña intervención, polo menos, que conste.

SR.ALCALDE.- Así se fará. Coa modificación que comentou a Secretaría, procedemos a votación.

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- Sr.Alcalde, el partido socialista va a grabar a partir de hoy con una simple grabadora todas las intervenciones plenarios porque no es la primera vez que desaparecen; primero, porque la grabación ó los Plenos son demasiado largos y desaparece el final de las intervenciones, y desaparecen intervenciones completas; y curiosamente, las de esta portavoz; es por lo que nosotros insistimos: vamos a votar en contra hasta que se traiga a este salón de Plenos el acta corregida donde se haga mención a las incidencias ó los motivos por los que no se incluyen las intervenciones.

SR.ALCALDE.- Procedemos a la votación del acta del 6 de febrero con la incorporación que acaba de decir la Secretaria.

En primeiro lugar sométese a votación a emenda a acta de data 6 de febreiro de 2013 co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (10, PP; 1, GRUPO MIXTO).
Votos en contra: 5 (3, PSOE; 2, BNG).

Procede agora o Sr. ALCALDE a someter á votación á devandita acta do 6 de febreiro de 2013 coa emenda citada, resultando:

Votos a favor: 11 (10, PP; 1, GRUPO MIXTO).
Votos en contra: 5 (3, PSOE; 2, BNG).

Polo cal resulta aprobada por maioría absoluta dos membros da Corporación.

VOTACIÓN DÁ ACTA DA SESIÓN PLENARIA DO 25 DE FEBREIRO DE 2013:

O Sr.ALCALDE somete a votación a acta da sesión do 25 de febreiro de 2013, e non producíndose alegacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade.



2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.

3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE LIQUIDACION DO ANO 2012 E CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE.

Dase conta do devandito informe.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE BAIONA 2013.

A Presidencia cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- Sr.Alcalde, por cuestión de orden, si me permite hacer una intervención antes de entrar en el debate.

SR.ALCALDE.- Entramos ya en el punto y lo que es normal y consecuente es que la Sra.Interventora haga el pequeño resumen como hacemos siempre.

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- Sr.Alcalde, es una cuestión de orden por la situación que estamos viviendo en este Pleno en este momento. Mantener un Pleno de importancia como es éste, donde se van a debatir los Presupuestos generales, y va a ser largo, con una situación de auténtica tensión, cuando además en el Ayuntamiento de Baiona ya hemos traído el tema de las preferentes a esta Corporación, y se han aprobado mociones incluso algunas consensuadas por todos los grupos, yo pido como cuestión de orden y para poder tener un Pleno que transcurra con tranquilidad, recibir a una Comisión de los preferentistas para que expongan aquí cual es su problema y pidan ó hagan las manifestaciones que tengan que hacer, pidiendo el apoyo de esta Corporación que ya se ha manifestado en otras ocasiones por acuerdo plenario; y luego poder seguir manteniendo el debate plenario con tranquilidad y sin necesidad de hacerlo con estas condiciones. Entonces, como cuestión de orden, por favor, que se reciba a una representación de las personas afectadas por las preferentes que están ahí fuera.

SR.ALCALDE.- Como bien dice usted el Pleno del Ayuntamiento de Baiona ya ha aprobado 2 mociones donde se apoya a la gente afectada por preferentes y subordinadas; por unanimidad además, de todos los miembros de este Pleno. Al mismo tiempo el Ayuntamiento de Baiona junto con la Xunta de Galicia, crea una oficina en el mes de agosto para atender a todos los afectados por preferentes y subordinadas; por cierto, con una atención importante no solo a vecinos de este Ayuntamiento sino también a vecinos de otros Ayuntamientos; de hecho, en el Pleno del 6 de febrero, perdón: en el último Pleno de febrero, se ha llevado la última moción donde se apoya al grupo de gente afectada, con una serie de medidas que se están tomando y se van a seguir tomando. Por lo tanto, el Ayuntamiento de Baiona es un claro defensor de las personas afectadas, y lo va a seguir siendo; pero frente a ésto el Ayuntamiento tiene que continuar porque Baiona tiene 12.000 vecinos, con muchos problemas, que precisamente uno de los documentos más importantes es el Presupuesto municipal que debemos aprobar para poder realizar obras, inversiones y todo tipo de actividades; por lo tanto entendemos que el Pleno es lo más importante de una democracia y de un Ayuntamiento y desde luego tenemos que continuar.

Todos los encuentros, toda búsqueda de soluciones que podamos hacer, las vamos a tener, pero una vez realizado el Pleno del Ayuntamiento de Baiona, que debe ser sagrado y debe ser



además respetado por todos los vecinos y por supuesto por todos los representantes políticos. No vamos a recibir antes del desarrollo de este Pleno a ningún representante de ninguna plataforma.

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- Sr.Alcalde, compartiendo por supuesto, como no podía ser de otra manera, que el Pleno es en el sistema democrático local lo que representa al pueblo, y teniendo en cuenta que el Presupuesto que es un documento tan importante y tan necesario, el año pasado ustedes lo trajeron al Pleno de agosto, podemos, sin duda, recibir a unos representantes de esa sociedad que nos han votado y a la que representamos en este salón de Plenos para escucharles directamente sobre cuales son sus problemas; porque si es cierto que aquí se debatió y se habló sobre las preferentes manteniendo diferentes posturas y sin alcanzar los acuerdos iniciales que planteabamos en cuanto a muchas medidas, también es cierto que en el sistema de arbitraje no se está siendo claro; que no se hacen públicos los criterios; que no sabemos cuantos de esos expedientes han sido admitidos en cada una de las Corporaciones ó en cada uno de los Ayuntamientos, territorios municipales; y creemos que los preferentistas deben ser escuchados por la clase política directamente. No creo que interrumpa, que impida la celebración del Pleno, el hecho de recibir a una Comisión y que nos transmitan a todos los grupos políticos, a todos, aquí hoy reunidos, cual es el problema real y que es lo que necesita del apoyo de esta Corporación ó de otras Corporaciones, para poder hacer transparente el tema de los arbitrajes y la recuperación de sus ahorros.

Insisto, porque creo que no ataca en absoluto al sistema democrático, si no más bien todo lo contrario: enriquece a la democracia, escuchar directamente a la ciudadanía; que por favor se permita acceder a una representación de los preferentistas para que nos transmitan en directo y en primera persona cuales son los problemas que están teniendo y en qué podemos colaborar.

SR.ALCALDE.- Corregirla, aparte de todo, en que el presupuesto el año pasado se trajo en el mes de abril, exactamente como este año; pero le digo que nosotros seguiremos defendiendo a la gente de preferentes, conocemos sus inquietudes y vamos a seguir con este Pleno, labor fundamental y por la que nos han elegido a todos nosotros, a los representantes que estamos hoy aquí, los vecinos de Baiona. Por lo tanto, a partir de ahora, ya por cuestión de orden, yo dirijo este Pleno, vamos a seguir con el punto del orden del Día correspondiente.

Se que lo ustedes quieren es alargar el Pleno para que haya problemas, que haya follón, y no se celebre este Pleno, pero este Pleno se tiene que celebrar.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Sr.Alcalde, permítame un minuto.

SR.ALCALDE.- No; estamos en el orden del Día.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Mire, hai un xuíz que chámase Santiago Vidal que dí que a desobediencia civil non é delito, é unha forma de protesta por parte do cidadán; é o que lles queda, Sr.Alcalde; xa llo dixen antes, cando fun ás doce menos cuarto o seu despacho para que recibira a un par de persoas das preferentes; querían falar con vostede antes do Pleno si é que non lles deixaba falar no Pleno, e tamén se negou; non é normal, Sr.Alcalde. Non sei se vostede ten preferentes ou non, non o sei, pero no Concello de Baiona hai 400 persoas ás que lles roubaron os seus aforros, porque non son inversionistas: son aforradores, e teñen dereito, é o que lles queda, Sr.Alcalde.

SR.ALCALDE.- Respete os turnos.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- E que vostede non vai deixar a unha Comisión da xente que está fora; vostede no dixo no seu despacho que a cidadanía de Baiona xa ocupou o salón de Plenos; Sr.Alcalde, nos enteramos de que ás 9 da mañán empezou a vir a xente.



SR.ALCALDE.- A chamo a orde: ou deixa continuar o Pleno ou terá que sair do Pleno. Deixe continuar.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- O 100% da poboación de Baiona que está ocupando as cadeiras do salón de Plenos son do Partido Popular ou simpatizantes do PP; iso o fixo vostede para que non entraran os señores/as das preferentes.

O BNG, senón deixa entrar vostede a unha comisión da xente que está fora, nos levantamos e nos vamos.

SR.ALCALDE.- Me parece muy bien; espero que luego hagan también la certificación correspondiente. Si no tiene más que decir, nosotros vamos a continuar el Pleno.

SRA.DOMINGUEZ, PSOE.- El partido socialista sí tiene algo más que decir: lamentándolo muchísimo, con la importancia del Pleno de hoy en cuanto a la aprobación del Presupuesto, pero teniendo en cuenta que todo lo que digamos no sólo no va a ser tenido en cuenta sino que va a ser borrado del acta, en este momento, salvo que se reciba a una representación de los preferentistas, que son los directamente perjudicados e interesados en la celebración de este Pleno, nosotros también abandonamos.

(Sendo as 12,10 horas abandonan o salón de Plenos os seguintes concelleiros Dna María Isabel Domínguez Quintas, D. Arturo Pereira Pequeño, D. Manuel Barreiro Rodríguez, Dna. Ana María Rodríguez Fernández, D. Iago Pereira Moreda, D. Antonio Amorín Martínez)

A Presidencia cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**

SRA.INTERVENTORA.- Este presupuesto asciende a un total de 7.876.852,28 €, equilibrado en cuanto al estado de gastos e Ingresos. Se caracteriza por la contención de gasto público dado que es el primer ejercicio en que se aplica el criterio de la regla de gasto conforme establece la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

Debe hacerse constar que en este Presupuesto y en la modificación posterior se va a llevar a cabo la cancelación íntegral de las operaciones de endeudamiento que tiene concertadas el Ayuntamiento de Baiona, por lo que a 31 de diciembre del ejercicio 2013 la deuda financiera del Concello de Baiona será 0.

Por este motivo y con el fin de dar prestación al cumplimiento de los servicios públicos y atender las inversiones necesarias para este Ayuntamiento, se eleva al Pleno este presupuesto para su aprobación, así como también las Bases de Ejecución con las modificaciones que en él se incorporan, el Plan de Inversiones para el ejercicio 2013, de la relación de puestos de trabajo y sus modificaciones, y el cuadro de personal laboral; y la relación nº 02-RE/13 de reconocimiento extrajudicial de facturas del 2012, por importe de 36.389,22 €. Dando cuenta asimismo del cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, de la regla de gasto e del nivel de deuda, conforme establece la Ley presupuestaria y de acuerdo con lo señalado en el informe de Intervención nº 34/13.

SR.RODAL, PP.- Muchas gracias, Sr. Presidente, buenos días a todos y a todas. Este presupuesto para este año 2013 es un 4% inferior que el del año pasado; pero si excluyésemos el canon del último año de la concesión del aparcamiento de la Palma serían prácticamente iguales.

En este Ayuntamiento seguimos trabajando en la línea de años anteriores, optimizando todos y cada uno de nuestros recursos, con un mayor control del gasto corriente y con mayor austeridad, si cabe; pero todo esto sin que se vea afectada la calidad de los servicios que ofrecemos diariamente a todos nuestros vecinos, visitantes y turistas. En este Presupuesto se apuesta por un mayor control de ajuste en la compra de material, un mayor control y eficacia en las horas extras del personal, mejora de los respectivos padrones para una recaudación



más justa, la optimización continua del ahorro energético con un Plan de ahorro energético que ya comenzamos el año pasado; ahorro en la recogida de residuos por redistribución del servicio; ahorros importantes como en el consumo telefónico: 12.000 euros, y en el contrato de prima de riesgo 33.000. También apostamos todavía más, y sobre todo en estos momentos de crisis, por nuestra Mancomunidad, para abaratar costes y dar mayor eficacia, como con nuestro Centro de Día mancomunado, contratación de socorristas mancomunados, y presencia en Ferias de Turismo con stand mancomunado como ha hecho la Concejalía de Turismo también el año pasado.

Se debe citar que en nuestro Presupuesto no fue necesario un plan de ajuste ni acudir a operaciones de endeudamiento como en otros Municipios, y que el Ayuntamiento de Baiona será uno de los pocos Ayuntamientos de más de 10.000 habitantes en toda Galicia que al finalizar el año tendrá cancelado totalmente su endeudamiento, que a día de hoy era del 13%.

En este Presupuesto se prevé realizar inversiones por un importe de 345.533 euros, financiadas íntegramente con fondos propios, con superávit presupuestario, y 339.926 euros con remanente de Tesorería por modificación de crédito (que se verá en el siguiente punto del Orden del Día).

Nuestro objetivo para este 2013 es seguir garantizando a todos y a cada uno de los baioneses el mejor servicio público posible dentro de este contexto de dificultades económicas generados que vivimos desde hace 5 años.

Para finalizar, felicitar como siempre a nuestra Interventora por este trabajo que ha hecho con este documento, y especialmente este año ha sido mucho más complicado por la elaboración, con el tema de la regla de gasto, y también felicitarle por mejoras contractuales que hemos tenido en telefonía, y sobre todo, como he dicho antes, en las primas de riesgo, que supondrán un ahorro al Ayuntamiento de Baiona este año de 45.000 euros.

SR.ALCALDE.- Yo también tengo que felicitar al equipo de gobierno por la gestión del Presupuesto pasado, y al equipo de Intervención por la elaboración de este nuevo Presupuesto que va a marcar un antes y un después; por ello, enhorabuena; y ya que no hay intervenciones por parte de la oposición procedemos a votación.

Polo Sr. ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade dos presentes.

Polo cal, o Pleno do Concello de Baiona, por unanimidade dos presentes, **ACORDA APROBAR:**

- O **Orzamento Xeral do Concello de Baiona para ou exercicio 2013**, por importe de **7.876.852,28 €**.
- As Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para o ano 2013 coas as súas modificacións.
- O Plan de Investimentos para 2013.
- De equipos de funcionarios, a relación de postos de traballo e as súas modificacións, e o cadro de persoal laboral.
- A Relación **nº 02-RE/13 de recoñecemento extraxudicial** polo importe de **36.389,22 €**, aprobando, comprometendo o gasto e recoñecendo as obrigas que se derivan das facturas incluídas na mesma, a favor dos acredores e con cargo ás partidas do Orzamento de Baiona para o ano 2.013 que se detallan, e o abeiro do artigo 217 do TRLHL, e resolvendo o reparo incluído no informe de Intervención nº 33/13.



- Dar conta do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do nivel de débeda, de conformidade co sinalado no informe de Intervención nº 34/13

5.- MODIFICACION DE CREDITO 1/2013.

A Presidencia cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA**, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Primero.- Por parte del servicio de Intervención se eleva expediente de modificación de crédito nº 01/13 mediante crédito extraordinario y suplemento de crédito por importe de **273.764,45 y 745.616,09 €**, respectivamente.

En cumplimiento del artículo 32 de la LOEPSF y lo previsto en la Resolución de Alcaldía de 04/03/13 de aprobación de la liquidación del ejercicio 2013, debe tramitarse el expediente de suplemento de crédito para dotar de consignación las partidas que a continuación se señalan con el fin de realizar en este ejercicio las amortizaciones extraordinarias necesarias para que a fin del ejercicio 2013 se haya cancelado la totalidad de la deuda financiera. Los importes de la modificación son los siguientes y se financia en su integridad con el Remanente de Tesorería para Gastos Generales:

Programa	Económica	Concepto	Importes
011	91100	Amortización deudas con entidades sector público	233.544,18
011	91300	Amortización deudas con entidades fuera sector público	380.071,91
	TOTAL		613.616,09

Segundo.- Desde el equipo de gobierno se propone además la utilización de parte del RTGG por un importe total de **953.542,52 €**, no utilizado en el punto anterior, así como del Exceso de Financiación Afectada que no fue objeto de incorporación de remanentes y que asciende a un total de **65.838,02 €**, para la realización de inversiones con el siguiente detalle:

A) Suplemento de crédito

Proyecto	Programa	Económica	Concepto	Importes
01	323	63200	Inversión edificio Escuela de Música	65.838,02
	323	63200	Inversión edificio Escuela de Música	29.161,98
	333	62300	Equipación museo de la Navegación	37.000,00
	TOTAL			132.000,00

B) Crédito Extraordinario:

Programa	Económica	Concepto	Importes
151	62201	Aparcamiento Pub. La Palma: ejecución sentencia TSJG	176.029,88
155	60900	Urbanización plaza Padre Fernando: ARI	17.734,57
155	60900	Eliminación barreras arquitectónicas	10.000,00



161	60900	Saneamiento en Alborada	30.000,00
165	62300	Inversión en instalaciones de alumbrados públicos	20.000,00
342	63200	Mejora instalaciones deportivas	20.000,00
		TOTAL	273.764,45

Tercero.- De conformidad con lo señalado en el informe de Intervención se ha realizado la evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y de regla de gasto, informándose favorablemente en ambos casos.

Como consecuencia, a la vista de los antecedentes anteriores y lo señalado en el Informe de Intervención a la modificación de crédito nº 07/13, se eleva al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

Primero.-Aprobar el expediente nº **01/2013** de modificación del Presupuesto de 2013 mediante un suplemento de crédito y un crédito extraordinario por importe de **273.764,45 y 745.616,09 €**, respectivamente, destinado a la amortización extraordinaria de la deuda financiera cumpliendo lo previsto en el artículo 32 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, y a la realización de inversiones dentro del límite de la regla de gasto.

Segundo.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento.

SR. RODAL, PP.- Como bien ha dicho la Interventora, en cumplimiento del artículo 32 de la Ley de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, se eleva el primer expediente de modificación de crédito, 1/2013, para dotar de consignación las partidas con el fin de poder realizar en este ejercicio las amortizaciones extraordinarias necesarias para que a final de este año 2013, como he dicho en el punto anterior, se haya cancelado totalmente la deuda financiera; se financiará en integridad con el remanente de Tesorería para gastos generales, que el año pasado ha sido de 1.322.000 euros.

Polo Sr. ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidad dos presentes.

Polo cal, o Pleno do Concello de Baiona, por unanimidade dos presentes, ACORDA APROBAR:

Primeiro.-Aproba-lo expediente nº **01/2013** de modificación do Orzamento de 2013 mediante un suplemento de crédito e un crédito extraordinario por importe de **273.764,45 e 745.616,09 €**, respectivamente, destinado á amortización extraordinaria da débeda financeira cumprindo o previsto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, e á realización de inversións dentro do límite da regra de gasto.

Segundo.- Ordear a publicación no BOP do presente acordo, a efectos do cumprimento.

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DESESTIMACION DA APROBACION DO ESTUDO DE DETALLE PROMOVIDO POR OSIRIS ALBA, S.L. NA RUA JULIAN VALVERDE-SABARIS.

A Presidencia cede a palabra á **SRA.SIMONS, PP.**



SRA.SIMONS, PP.- Muchas gracias Sr. Presidente. Buenos días a todos.

Se eleva a pleno la aprobación definitiva del Estudio de Detalle para dar cumplimiento a la Sentencia Judicial que obliga a retrotraer el procedimiento hasta la obtención de los informes sectoriales, estaban Costas y Carreteras y según el juzgado faltaba el de Patrimonio, para posteriormente con los informes de los técnicos municipales aprobarlo definitivamente a través del órgano competente que es el Pleno.

El ámbito de actuación del Estudio de Detalle corresponde con la finca de 2347 metros cuadrados de superficie , que según el PGOU se clasifica como suelo urbano siendo de aplicación la ordenanza 3A (edificación mixta) y 4B (vivienda unifamiliar) estando a su vez afectada por un vial de 10 m de ancho. Así mismo está afectada parcialmente por la servidumbre de Costas, Patrimonio y en la fecha de la presentación del documento por el servicio Provincial de Estradas.

Dicho Estudio de Detalle tiene por objeto la reordenación del volumen de la superficie de la finca afectada por la ordenanza 3A (1115,52 m2 según informe técnico) de forma que parte de la edificabilidad correspondiente a la prolongación de las plantas bajas se distribuye en las plantas superiores.

En el plano 3.13 del plan general determina la ordenación detallada de la edificación de acuerdo con lo señalado en la ordenanza 3 del PGOU, "Nos casos nos que se determine nos planos de ordenación o volume a edificar mediante a fixación das aliñacións, fondos e número de plantas, atenderase ao disposto no mesmo".

Existe un cuadro comparativo de las superficies aplicando la ordenación detallada según PGOU y la que plantea el estudio de detalle. Como se puede comprobar aumenta la superficie edificable en las plantas altas 653,94 m2 (según alineación PGOU 524,72) en detrimento de la planta baja 557,61 m2 (según alineación PGOU 875,52 m2).

Teniendo en cuenta lo recogido en la normativa de aplicación y PGOU para los estudios de detalle, además de diferentes sentencias; el Estudio de Detalle propuesto no mantiene las determinaciones del planeamiento ya que configura un nuevo aprovechamiento urbanístico en plantas altas.

Por todo ello, procede la desestimación del Estudio de Detalle por cuanto incrementa la edificabilidad atribuida por la ordenanza 3A del PGOU e incrementa la intensidad de uso lo que supone un incumplimiento de los dispuesto en el artículo 65.4 del Reglamento de Planeamiento Urbanístico, artículo 30.3 Ley 1/1997, de 24 de Marzo.

En virtud de lo expuesto se propone al Pleno de la Corporación, previo sometimiento a la Comisión Informativa de asuntos de Pleno la adopción del siguiente acuerdo: **Primero.-** Desestimar la aprobación del Estudio de Detalle promovido por OSYRIS ALBA SL, redactado por arquitecto Enrique D. Acuña Fernández fecha visado COAG 26/07/1999. Dicho acuerdo deberá adoptarse por el pleno de la Corporación según lo señalado en el apartado primero de las Consideraciones Jurídicas de este informe. **Segundo.-** Notificar a OSYRIS ALBA SL y a la Comunidad de Propietarios. **Tercero.-** Dar traslado del acuerdo al Tribunal Superior de Justicia.

Polo Sr. ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade dos presentes.



Polo cal, o Pleno do Concello de Baiona, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Primeiro.- DESESTIMA-LA aprobación do Estudio de Detalle promovido por OSYRIS ALBA SL redactado polo arquitecto Enrique D. Acuña Fernández de data visado COAG 26/07/1999.

Segundo.- Notificar a OSYRIS ALBA SL e á Comunidade de Propietarios.

Terceiro.- Dar traslado do acordo ó Tribunal Superior de Xustiza.

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACION DE TERRAZAS NA VIA PUBLICA.

Dase conta da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Baiona en sesión plenaria de data 1/12/2005 aprobou a Ordenanza reguladora de terrazas na vía pública publicada no BOP nº 35 de 20/02/06 e posterior corrección de erros publicada no BOP 69 de 07/04/06.

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública ligadas os establecementos comerciais constitúe un uso común especial do dominio público suxeito a autorización administrativa consonte o artigo 85.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e 75.3 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais. Co fin de compatibilizar este uso especial do dominio público coa utilización do mesmo por parte dos usuarios das vías propónse unha nova ordenanza reguladora de terrazas na vía pública.

En virtud do exposto propónse ó Pleno da Corporación, previo ditamen da Comisión informativa de Asuntos de Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Primero.- Aprobación inicial de la ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública constitúe un uso común especial do dominio público.

O artigo 73.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, dispón no seu artigo 77.1, que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a autorización, axustada á natureza do dominio, aos actos da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter.

Co fin de regular o outorgamento deste tipo de autorizacións de xeito que sexa compatible a utilización do espazo público para desfrute e tránsito dos usuarios da vía pública coa ocupación da mesma por parte dos titulares de establecementos comerciais e de hostalería, apróbese a presente Ordenanza na que se adoptan unha serie de medidas tendentes a buscar un equilibrio e distribución equitativa e razoable do dominio público. Asemade, procúrase adecuar a estética das instalacións ao entorno dos seus emprazamentos co obxecto de dotar dun atractivo singular o espazo urbano do Concello de Baiona con especial consideración a



zona antiga de Baiona declarada Ben de Interese Cultural por Decreto 48/1993, do 25 de febreiro da Consellería de Cultura.

TÍTULO I OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. OBJECTO

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público, dentro do termo municipal de Baiona mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos comerciais e de hostalería de carácter permanente.
2. Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, que se rexerán pola normativa específica, Ordenanza Fiscal nº 17 reguladora da taxa por utilización privativa do aproveitamento especial do dominio público local con postos, barracas, casetas de venta e espectáculos ou atraccións ambulantes.
3. Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión administrativa.

ARTIGO 2. INSTALACIÓNS AUTORIZABLES

Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, estufas, xardineiras, pizarras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal comercial ou de hostalería, tal como bar, café - bar, cafetería, restaurante ou similar.

TÍTULO II RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 3. AUTORIZACIÓN

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen autorización municipal. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.
2. O petionario da autorización non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública, nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

ARTIGO 4. SOLICITUDES-LIQUIDACIÓN

1. Poderán solicitar autorización para este tipo de ocupacións, os titulares das licenzas actividade ou apertura dos establecementos comerciais e de hostalería, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulan a mesma.
2. As solicitudes deberán formularse no impreso normalizado establecido ao efecto no Anexo I desta Ordenanza, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e autorización de actividade do mesmo, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, ancho da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, parasoles, pizarras e demais elementos decorativos.



3. De tratarse da primeira instalación, a solicitude acompañarase, con carácter xeral, da seguinte documentación:

3.a) Fotocopia compulsada da autorización de actividade - apertura do establecemento comercial ou de hostalería. A autorización deberá estar en vigor e non atoparse incurso en expedientes de disciplina urbanística e contaminación acústica que afecten ao devandito establecemento.

3.b) Documento que acredite non ter débedas pendentes coa Facenda Municipal.

3.c) Memoria descritiva:

1. Tipo de ocupación que se vai realizar
2. Mobiliario que se pretende instalar
3. Número de mesas, cadeiras a instalar e outros
4. Superficie a ocupar

3.d) Documentación gráfica,:

1. Fotografías do mobiliario previsto e da fachada do establecemento.
2. Plano de situación e planta da zona a ocupar, no que se reflectan
 1. Superficie a ocupar
 2. Lonxitude da fachada do establecemento
 3. Ancho da beirarrúa
 4. Distancias a elementos existentes na área de influencia da ocupación (esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos e mobiliario urbano).

3.e) Autorización dos propietarios das edificacións colindantes nos casos que así se requira consonte o establecido na presente ordenanza.

ARTIGO 5. PERÍODO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA

1. Os aproveitamentos obxecto da presente Ordenanza estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes taxas establecidas na Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, vinculadas a establecementos de hostalería

2. Os períodos de ocupación establécense na devandita Ordenanza Fiscal, distinguíndose entre ocupación estival e anual. No momento de facer a solicitude, os interesados especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización, debendo efectuar a liquidación tal como figura na devandita Ordenanza Fiscal.

3. A vixencia das autorizacións que se concedan se corresponderá co período do funcionamento autorizado.

4. As autorizacións que se houberan concedido no período precedente que se axusten as condicións establecidas nesta Ordenanza, se renovarán automaticamente sempre e cando non se produza ningunha modificación, e ningunha de ambas partes, Administración municipal ou titular, comunica, cun mes de antelación mínimo o inicio de dito período, a súa vontade contraria a renovación.

A efectos da renovación automática, no caso de solicitudes para o período estival, o titular da instalación deberá aportar no prazo de quince días antes da ocupación efectiva da vía pública, carta de pago das taxas en concepto de utilización privativa o aproveitamento especial correspondentes o período autorizado, xunto cunha declaración xurada de non haberse experimentado modificación respecto a situación do ano precedente en base a cal se concedeu a autorización.

3. A Administración municipal manifestara a súa vontade contraria a renovación nos seguintes supostos:

- a) Cando se haxan iniciado procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias o prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal o accesoria.
- b) Cando se haxa apreciado un incumprimento das condicións da autorización o da mesma ordenanza.
- c) Cando no período autorizado este prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.



ARTIGO 6. FORMA DE EFECTUAR A LIQUIDACIÓN DA TAXA

1. A liquidación da taxa virá determinada pola superficie ocupada pola terraza e os elementos que a compoñen (mesas, cadeiras, parasoles, elementos decorativos...)
2. Por regra xeral, para o cálculo da superficie, considerarase que unha mesa e catro cadeiras dun modelo estándar ocupan unha superficie de 3,06 metros cadrados (1,75m x 1,75m).

ARTIGO 7. TRAMITACIÓN

O procedemento iniciarase mediante solicitude no impreso normalizado que conterà, a lo menos, os datos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), ao que se axuntará, no seu caso, a documentación prevista no artigo 4 da presente Ordenanza, que se presentará no rexistro xeral do Concello de Baiona, sen prexuízo do disposto nos artigos 38.4 e 38.9 da Lei LRX-PAC.

Os servizos municipais disporán dun prazo de dez días para examinar a solicitude e a documentación aportada e, no seu caso, requirirán ao interesado para que emende a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fixera terase por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

Unha vez completada a documentación, emitirase a resolución expresa sobre a solicitude da autorización de ocupación - terraza, motivando no seu caso, a denegación da mesma.

ARTIGO 8. OBRIGA DE RESOLVER

1. O órgano competente para a concesión da autorización é o Alcalde - Presidente ou Concelleiro en quen delegue. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación do pedimento no prazo dun mes, implicará a súa desestimación consonte o artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.
2. A concesión ou denegación das autorizacións efectuarase en función do cumprimento dos requisitos previstos na presente Ordenanza. No caso de denegarse a autorización procederase á devolución da taxa autoliquidada, sen prexuízo, no seu caso, do pagamento da taxa polo tempo efectivamente ocupado.

ARTIGO 9. SUPOSTOS DE TRANSMISIBILIDADE E SUBROGACIÓN

1. A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome do titular da actividade comercial ou de hostalería ao que estea vinculado.
A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.
2. As autorizacións para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da autorización de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen dita circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular de acordo co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

ARTIGO 10. SUSPENSIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

1. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, festexos populares, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización municipal quedará sen efecto ata que desaparezan ditas circunstancias, sen que xere dereito a indemnización algunha.



2. Cando xurdan circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou se produzan danos no dominio público, a Administración concédente mediante resolución motivada poderá revogar a autorización concedida sen dereito a indemnización algunha. Igual facultade acadará no caso de que da actividade autorizada se deriven molestias graves ou moi graves para o tráfico peonil, se produzan queixas ou reclamacións por parte dos veciños, debidamente acreditadas, ou denuncias da Policía Local por molestias de rúidos e por perturbación do descanso nocturno.

TÍTULO III DAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 11. CONDICIÓN DE UBICACIÓN

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Condicións xerais:

A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente das mesmas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

Como regra xeral, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento ao que se destina o servizo, sen superala en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, así como outras circunstancias (paso de peóns, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, bocas de rego, hidrantes, rexistros de servizos, respiradoiros dos aparcamentos subterráneos, etc) non o impidan.

Non obstante, poderase permitir a instalación na marxe oposta do local e/ou que a instalación da terraza rebase a liña de fachada do mesmo, acreditando documentalmente a conformidade das fincas colindantes (vivendas e locais comerciais).

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos exixidos na presente Ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada ou zona de aparcamento de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada con tráfico rodado de vehículos.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (bancos, fontes, cabinas telefónicas, etc...).

2. Características de ocupación permitida:

BEIRARRÚAS

Ancho total da beirarrúa	Espazo libre mínimo	Ocupación terrazas
1,50 - 3,50 metros	1,50 metros	Permisible
3,50 - 5,50 metros	2,00 metros	Permisible
> 5,50 metros	2,50 metros	Permisible

RÚAS PEONÍS

Ancho total da rúa	Ocupación terrazas
	Permisible (garantindo, en todo caso, o tráfico rodado).

PRAZAS PEONÍS

PRAZAS PEONÍS	Espazo libre mínimo



1,50 metros nos percorridos establecidos para o tránsito dos peóns.

1,00 metros arredor de calquera monumento, elemento escultórico ou decorativo, salvo espazos de ordenación detallada.

No caso das rúas e prazas peonís, a colocación das mesas requirirá, en cada caso concreto, a vista do número de solicitudes, un estudo especial, atendendo ao ancho e demais características da rúa ou praza. A estes efectos, os servizos técnicos, anualmente determinarán graficamente os espazos libres mínimos na vía pública nos espazos con ordenación detallada e de maneira, orientativa, posibles disposicións do mobiliario e a súa ocupación en superficie.

ARTIGO 12. MOBILIARIO

1. O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características urbanas da zona onde se emplace, quedando expresamente prohibida calquera tipo de publicidade en mesas, cadeiras, parasoles ou similares. A estes efectos, non se considerará publicidade a inserción do nome comercial do establecemento no mobiliario, manteis ou outros elementos da terraza.

Permitirase a instalación dun único elemento publicitario a modo de pizarra, de dimensión máxima 0,80 x 1,20 metros, como parte do mobiliario ou decoración da terraza, estando suxeita á autorización de ocupación en todo o regulamento.

Ditas características serán exixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

2. O mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, xardineiras, etc.) non deberá ter arestas nin saíntes que poidan causar danos sobre os usuarios. Acéptase o emprego de materiais tales como a madeira, os metais ou as resinas. En todo caso, o Concello supervisará e autorizará a ocupación e o mobiliario a instalar como terraza garantindo a súa integración co entorno.

3. No caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. Os materiais textís de que estean compostos estes elementos serán lona ou similar, estando prohibidos os compostos unicamente de PVC e as cores puras ou cercanas a tonalidades puras (vermello, amarelo...).

O voo e o pé de apoio destes elementos quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

4. Estará permitida a colocación de estufas de gas propano de exterior axustándose aos seguintes requirimentos:

- O modelo de estufa que se coloque deberá suxeitarse á normativa europea fixada na Directiva 1990/396/CEE, do 29 de xuño, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados Membros sobre os aparellos de gas ou, no seu caso, aquela que resulte de concreta aplicación e se atope vixente en cada momento.

En todo caso, a estrutura da estufa deberá ir protexida con unha carcasa ou similar que impida a manipulación de aqueles elementos que conteñan o gas.

- Caso de que un establecemento opte pola colocación de estufas de exterior deberá de retiralas diariamente, de acordo co horario autorizado ao respecto.

- En todo caso, o interesado deberá dispoñer de extintores de pó ABC eficacia 21A113B, en lugar facilmente accesible. Non obstante o anterior, e atendida a existencia de outros elementos de mobiliario urbano ou de diversas circunstancias que poidan afectar de maneira indirecta á colocación das estufas referidas, poderá denegarse a autorización para a súa instalación de forma motivada.

Na solicitude destas instalacións deberá presentarse a seguinte documentación anexa:

- Garantía de calidade e Certificado de Homologación da Comunidade Europea das estufas.



- Contrato con empresa aseguradora no que se contemple a instalación de estufas na terraza.
- Contrato con empresa de mantemento especializada en instalacións de GLP e os seus derivados.

5. Nos ámbitos regulados polo Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico de Baiona, haberanse cumprir ademais das indicacións anteriores, as indicadas no Plan Especial, no concernente ás condicións estéticas do exterior dos edificios. Preferiblemente, a cor das lonas será clara (branca e variedades de ocre claros) mais poderanse empregar outras cores e tons, sempre que resulten discretas e a súa utilización acaída, prohibíndose taxativamente as cores rechamantes.

TÍTULO IV OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

ARTIGO 13. OBRIGAS

